



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27040-Becerreá (Lugo)

ASUNTO: APOIO INSTITUCIONAL Á RUTA QUINTÁ-RIO DONSAI

Expediente núm.: 991/2019.

A medio da presente e en relación ao asunto de referencia, remitímoslles certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 26 de setembro de 2019 relativa a proposición da alcaldía relativa ao apoio institucional á RUTA QUINTÁ-RIO DONSAI.

O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA DATA CONSIGNADA AO MARXE.

MANUEL MARTINEZ NUÑEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 30/09/2019
HASH: deeb1cab73e7636188650cb9164664



Cod. Validación: 5NEYH33YK3A9D4RQJR63MI.PNS | Corrección: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espublico | Páxina 1 a 1



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060-C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Expediente núm.: 987/2019

Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá.

CERTIFICO: Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 26 de setembro de 2019, adoptáronse entre outros, o acordo do seguinte teor literal:

"5.- Proposición da alcaldía relativa ao apoio institucional á RUTA QUINTÁ-RÍO DONSAI. Expte nº 991/2019.

Dase conta da proposición da Alcaldía que resultou do seguinte teor literal:

"O Concello de Becerreá é posuidor dun patrimonio natural de extraordinaria relevancia e é obxectivo deste Concello realizar todas as actuacións que sexan precisas para a súa protección e difusión.

Ainda que con outros valores engadidos aos naturais, paisaxísticos, culturais e patrimoniais, en concreto os relixiosos e históricos, este Concello está a apoiar diversas actuacións de recuperación do coñecido como CAMIÑO FRANCES POR LUGO, VIA KÜNIG, ruta de peregrinación a Compostela dende tempos Medievais.

A ruta promovida pola Asociación Castaño y Nogal, dúas veces finalista dos Premios do Patrimonio Cultural da UNIÓN EUROPEA e actualmente candidata ao Premio da Paisaxe da FUNDACIÓN JUANA DE VEGA, está a poñer en valor o patrimonio natural da conca dos ríos Donsal e Navia, así como dos Ancares en xeral en medios de comunicación, redes sociais, clubs de senderismo, etc.

É un deber de todos conservalo, protexelo e divulgalo para fixar poboación e xerar esperanza no turismo de natureza, como en Asturias, Cantabria, País Vasco ou Francia, por exemplo.

A Asociación Castaño y Nogal traballa denodadamente para conservar, protexer e divulgar este patrimonio natural e nese obxectivo tamén se sitúa o Concello de Becerreá que toma parte activa no mesmo (obras de conservación e mantemento de vías municipais, conservación e mantemento da propia senda, rehabilitación e conservación de antiga escola unitaria hoxe reconvertida en centro sociocultural, divulgación a nivel local...) e pretende que tamén se impliquen outras administracións e colectivos igualmente interesados en protexer este patrimonio para un turismo de natureza que contribua a fixar poboación.


Por todo ou anterior, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

1. Manifestar o apoio institucional do Concello de Becerreá á ruta Quintá-Río Donsal, PR- G 159, e ao labor nela realizada pola Asociación Castaño y Nogal.
2. Solicitar que tanto a Xunta de Galicia, (Consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural e Axencia Galega de Turismo) e a Deputación Provincial de Lugo inclúan nos seus plans de actuación o mantemento da Ruta Quintá-Río Donsal, PR- G 159, así como de mellora de riquezas etnográficas e puntos de interese na contorna da mesma que eviten a súa derriba e estado de ruína, previo inventario de prioridades.
3. Que a Deputación Provincial de Lugo elaborare un inventario de actuacións urxentes e prioritarias do patrimonio natural, típico e cultural do itinerario e contorna da ruta, como ouriceiras, antigos muíños, minicentrales de autoconsumo, pallozas e hórreos catalogados, así como un plan de rehabilitación progresiva dos mesmos.
4. Que a Deputación Provincial de Lugo e a Axencia Galega de Turismo programen a realización de vídeos de difusión da senda e os seus patrimónios naturais e culturais e concertar coas tres Universidades de Galicia que alumnas e alumnos actúen como

MANUEL MARTINEZ NUÑEZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 30/09/2019
HASH: cecb1cab73e7b36f6d8850c4bc9f646e4



ANA MARIA RIVAS GARCIA (2 para 2)
SECRETARIA INTERVENTORA
Data de Sinatura: 30/09/2019
HASH: a82cf42f6eba7e068f0b6c20b4821e4



Cod. Verificación: 9PY72AL6FDY3Y8M4N4EAYDWA8 | Corrección: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp/ubico | Páxina 1 a 3

de guías en percorridos polo Roteiro Quintá -Río Donsal e contorna dos Ancares lucenses.

5. Solicitar ás Universidades Galegas e á Consellería de Educación que organicen de campos de traballo internacionais ambientais de Quintá de Cancelada, favorecer a concienciación e sensibilización ambiental, así como a realización de prácticas e talleres de universitarios, alumnos de posgrao e de FP.

6. Que pola Administración estatal e autonómica se esixira que o Municipio de Becerreá se coloque entre os municipios de montaña nos que se instale a tecnoloxía 5-G de conexión a internet, para facilitar o emprendemento rural no Municipio."

Explica o Sr. Alcalde os pormenores da proposición presentada.

Continúa o Sr. Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Popular, Don Miguel Angel Cela González explicando que apoia o labor realizado pola Asociación e polo tanto está dacordo co primeiro punto da proposición pero non así cos restantes pois non se pode pedir colaboración á Xunta e á Deputación para o mantemento da ruta e o seu desbroce cando o apoio o están a prestar co sostemento dos GES con labores tamén de desbroce, incluso coa posibilidade de contratar unha brigada de incendios que tamén fan estes labores.

Tamén destaca a existencia doutras rutas e polo tanto que a promoción e o apoio institucional debería abarcar a todas elas.

Por último sinala que no Túnel do Cereixal, a Xunta de Galicia está a desenvolver un proxecto experimental na tecnoloxía 5G.

A Sra. Concelleira Dona Ana Isabel Rubinos Bolaño, Concelleira do Grupo Mixto manifesta estar a favor da proposición presentada como de calquera outra iniciativa que poña en valor o noso patrimonio. Non obstante insta ao alcalde a que faga unha enumeración concreta do que está a facer o Concello en apoio desta ruta. Se pregunta qué clase de apoio é o institucional, é un apoio moral? Qué actuacións concretas vai facer o Concello?

A Sra. Concelleira Dona Sabela Pérez Martínez do Grupo Mixto explica que lle resulta indiferente a quen se lle pidan as axudas pois o importante é que se faga algo e non aconteza como coa moción que no 2011 presentou o BNG para a creación dunha oficina de turismo, que foi aprobada polo Pleno, pero que á día de hoxe non se ten cumprida. Destaca que unha oficina de turismo sería esencial para promocionar as rutas. Non se trata de botar balóns fóra, o Concello tamén ten que porse as pilas.


De seguido intervén o Sr. Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Galicia Sempre, Don Claudio Vázquez Pérez, explicando foi no momento en que entrou a gobernar, no ano 2007, cando se creou a asociación CASTAÑO Y NOGAL. Dende entón se rehabilitou a escola de Quintá para ser empregada como sé da asociación e tamén como albergue para os campamentos internacionais. Tamén se amueblou con literas, roupa de cama... Todos os anos as brigadas do GES proceden á limpeza da ruta facendo o traballo principal que logo os participantes no campamento rematan con axuda as veces dalgún veciño.

Enumera máis rutas no Concello de Becerreá como a ruta da Auga, a do Soto de Agüeira, a de Penamaior... Se limpan todas elas e aínda que non se visibilizan, sí que veñen moitos visitantes á dos Grobos, ao Río Cruzul...

O Sr. Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Popular Don Miguel Angel Cela González quere matizar que non se trata de que dixera que o Concello non desbroza as rutas.

A Sra. Concelleira Dona Ana Isabel Rubinos Bolaño Concelleira do Grupo Mixto reitera tamén a necesidade de crear unha oficina de turismo porque aínda que hai funcionarios para informar está de 9:00 a 14:00 a nosa comarca merece unha oficina con atención sábados e domingos.

Reitera a Sra. Concelleira Dona Sabela Pérez Martínez do Grupo Mixto que o noso Concello pode liderar unha oficina supracomarcal pois axudaría a dar información





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)


así como a coñecer a procedencia dos turistas e o impacto que ten o turismo en Becerreá.

Remata o Sr. Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Galicia Sempre, Don Claudio Vázquez Pérez, explicando que lle encantaría que puidera haber un funcionario en cada sitio, na oficina de turismo, no punto limpo... pero é economicamente impensable. A xente que ven os fins de semana adoita a chamar primeiro durante a semana en busca de información.

Considerado suficientemente debatido o asunto sométese a votación. O Pleno do Concello en votación ordinaria e cos votos a favor dos Sres. Concelleiros pertencentes ao Grupo Municipal Galicia Sempre, e os dous do Grupo Mixto e o voto en contra dos dous concelleiros pertencentes ao Grupo Municipal Popular acorda aprobar a proposición epigrafiada resolvéndoa nos seus propios termos."

Para que así conste e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do señor Alcalde-Presidente Don Manuel Martínez Núñez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA DATA CONSIGNADA AO MARXE.



Cod. Validación: 9FY72ALEFDY3XEM4M4EAYDWE | Corrección: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestora esPublico | Páxina 3 a 3



CONCELLO DE BECERREÁ
 R.C.L. nº 01278060 - C.I.F.: P-2700600-F
 Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

MINUTA

Sello do Órgano de Secretaría (1 para 1)
 Concello de Becerreá
 Data de Sinatura: 30/09/2019
 HASH: 0cf5551ec337c11fe0829b4207e7d2



REXISTRO DE SAÍDA

OFICINA

Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico

Núm. REXISTRO

2019-S-RE-309

DATA E HORA

30/09/2019 11:55

RESUMO

APOIO INSTITUCIONAL Á RUTA QUINTÁ-RIO DONSA
 Expediente núm.: 991/2019.

EXPEDIENTE

991/2019

TIPO DE COMUNICACIÓN

Comunicación Electrónica

NIF/CII/DIR3

G27386853

DESTINATARIO

Asociación Castaño y Nogal

DOCUMENTOS ENVIADOS

Nome do ficheiro: OFICIO RUTA QUINTÁ-RIO DONSA.pdf

Tipo de documento: Comunicación

Validez: Orixinal

CSV: SNEYH33YK3A9D4RQJR63MLPN5

Pegada dixital: 597363b8080eb237b96b34fb5a981f3a4fdbcb1b6

Nome do ficheiro: certificacion-PLENO_26-09-2019_pto.5.pdf

Tipo de documento: Certificado

Validez: Orixinal

CSV: 9FYY2AL6FDY3XRM4NM4EAYDW6

Pegada dixital: 820e343706e603f8f210a22704c03155384fa3c3

Concello de Becerreá

Praza do Concello, S/N, Becerreá. 27640 (Lugo). Tfno. 982360004. Fax: 982360518

1/1

